

María García

Concelleira de Medio Ambiente

Nacín na Coruña en 1978. Estudei Ciencias Ambientais en León, Planificación e Desenvolvemento Local na Coruña e Medio Ambiente e Formación en Alemaña. Traballei como educadora ambiental en diversos programas, entre eles na planta de Nostián. Fun Técnico Municipal de Medio Ambiente en Carnota, onde xestionei o dispositivo de crise da marea negra do Prestige. Durante 8 anos en Alemaña participei en proxectos de desenvolvemento urbano sostible baseados na participación cidadá e a autoorganización. Dende o centro cultural da ufaFabrik (Best- Practice do programa Hábitat de Nacións Unidas) desenvolvín proxectos europeos de transferencia do coñecemento con escolas de FP de Galicia, Alemaña, Portugal, Dinamarca, Francia e Letonia. Participo en colectivos de defensa ambiental e de activismo cidadán. Falo inglés, francés e alemán.